

Catas de Galicia 2025 XXIV CATA DOS MELES



Organizada pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), da Consellería do Medio Rural, coa colaboración do Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia e o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia, terá lugar a XXIV Cata dos Meles de Galicia 2025.



BASES DA CATA

1. Participantes.

Nesta cata poderán participar os meles envasados polas industrias inscritas no rexistro de instalacións da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, así como as que estean inscritas ademais no rexistro do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, e/ou no de Artesanía Alimentaria de Galicia.

O mel debe pertencer á colleita do ano 2025 e deberá estar previamente cualificado polo consello regulador.

As envasadoras interesadas deberán enviar o boletín de inscrición anexo, debidamente cumprimentado, ao seu consello regulador, **antes do 14 de novembro**.



2. Categorías.

Establécense as categorías:

- **Categoría A: Mel monofloral IXP Mel de Galicia**
 - A.1.) Subcategoría: Mel monofloral de Breixo IXP Mel de Galicia.
 - A.2.) Subcategoría: Mel monofloral de Castiñeiro IXP Mel de Galicia.
 - A.3.) Subcategoría: Mel monofloral de Eucalipto IXP Mel de Galicia.
 - A.4.) Subcategoría: Mel monofloral de Silva IXP Mel de Galicia.

Esta categoría inclúe aqueles meles monoflorais de breixo, castiñeiro, eucalipto ou silva incluídos no prego de condicións da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia que cumpra as características propias de cada un destes meles. Estes meles competirán entre eles nas subcategorías citadas segundo a tipoloxía.

- **Categoría B: Mel de melada ou de bosque IXP Mel de Galicia**

Esta categoría inclúe aqueles meles que cumpran os requisitos definidos para estes meles no prego de condicións da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia.





- **Categoría C: Mel multifloral IXP Mel de Galicia**

Nesta categoría entran os meles que cumpran os requisitos definidos para esta categoría no prego de condicións da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia.

O consello regulador da IXP Mel de Galicia certificará que as mostras presentadas nas categorías A, B e C, cumpren os requisitos esixidos pola IXP.

- **Categoría D: Mel artesán de Galicia**

Nesta categoría poderán participar os meles inscritos no Rexistro de Artesanía Alimentaria de Galicia e no da IXP Mel de Galicia. A Agacal e o consello regulador da IXP Mel de Galicia certificarán que as mostras presentadas cumpren os requisitos esixidos.

- **Categoría E: Mel ecolóxico de Galicia**

Nesta categoría poderán participar os meles que estean inscritos no rexistro do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, e no da IXP Mel de Galicia. O CRAEGA e mais o Consello Regulador da IXP Mel de Galicia certificarán que as mostras presentadas cumpren os requisitos esixidos.



Unha mesma mostra poderá participar nas distintas categorías sempre que cumpra os requisitos de cada unha delas.

3. Non será admitida ningunha industria envasadora que nos dous anos anteriores á presente cata fose sancionada por infracción moi grave á lexislación agroalimentaria mediante resolución firme da Consellería do Medio Rural.

4. Recollida de mostras.

A identificación e recollida das mostras participantes será realizada pola organización coa colaboración do consello regulador, de acordo co programa que previamente se estableza. Levantarase unha acta de recollida, que asinará un representante da industria e un representante da comisión de recollida.

O representante da industria deberá sinalar, na mencionada acta, en qué categoría desexa participar. No caso da categoría A, deberá concretar o tipo de mel monofloral (breixo, castiñeiro, eucalipto ou silva).

A mostra constará de 4 envases de mel de 500 g, de idénticas características, elixidos ao chou de entre o lote que se presente á cata. Un dos envases quedará na industria como testemuña e os restantes empregaranse na realización da cata-concurso.

Para asegurar o anonimato da marca participante na cata, e dada a gran diversidade dos envases empregados na expedición comercial dos meles, as mostras recolleranse en envases de cristal transparente sen marcas, debuxos nin calquera outro elemento que puidera levar á súa identificación, e que serán proporcionados polo propio equipo de recollida.

Os envases serán etiquetados e numerados cun díxito que substituirá á etiqueta identificativa habitual do produto, e quedará rexistrado xunto coa marca comercial, categoría e o número de lote na acta de recollida correspondente. As etiquetas de cada envase serán asinadas por un representante da industria e por un representante da comisión de recollida. Os 4 botes que constitúen cada mostra introduciranse nunha caixa que se precintará e asinará o precinto polo industrial e un membro da comisión de recollida. Rotularase co nome da categoría.

As mostras recollidas serán transportadas ata o lugar de celebración da cata, onde se depositarán nun almacén precintado ata o inicio desta.





5. Xurado de cata.

Para a supervisión da cata nomearase un xurado que levantará acta de todas as incidencias na cata. Actuará como presidente a persoa directora da Axencia Galega da Calidade Alimentaria e como secretario/a un/ha funcionario/a do Departamento de Promoción da Calidade Alimentaria de Agacal. No xurado estará representado o consello regulador.

A secretaría do xurado comprobará as actas de recollida, o número das mostras dos meles recollidos e procederá a numeralas de novo de forma correlativa. As mostras serán novamente depositadas, permanecendo debidamente pechadas e precintadas ata o momento de iniciarse a cata de selección.

Se neste acto de numeración dos meles aparece algunha marca ou sinal que puidera permitir o seu recoñecemento, a mostra será anulada.



6. Panel de cata.

Para a cualificación dos meles contarase con sete expertos en análise sensorial, entre eles membros do panel de cata da IXP Mel de Galicia ou procedentes de centros tecnolóxicos e científicos agroalimentarios, consellos reguladores, restauración, distribución especializada e medios de comunicación.

Os catadores empregarán un tipo de ficha de cata aprobada pola organización.

Para a puntuación de cada mostra de mel obtense a media das puntuacións individuais dadas polos catadores que compoñen o panel de cata, eliminando previamente as puntuacións extremas. En caso de empate, calcularase a mediana e, se persistise, a media xeométrica.



7. Procedemento da cata.

Os meles cataranse por series, realizándose os descansos precisos ata a conclusión da análise sensorial das mostras. O número máximo de meles seleccionados que pasarán á cata final será de seis por categoría.

Cando o número de mostras participantes o xustifique, farase unha precata de selección. As mostras de mel seleccionadas para a cata final serán renumeradas correlativamente polo secretario do xurado e permanecerán depositadas e debidamente custodiadas ata o momento da súa celebración.


A cata final realizarase seguindo as normas establecidas para a precata.

Finalizada a cata-concurso, o/a secretario/a do xurado procederá a identificar os meles premiados, e introducirá os datos das marcas e envasadoras premiadas en sobre pechado.

Este sobre abrírase no momento da entrega de premios, permanecendo entre tanto en poder do/a secretario/a do xurado.

O xurado desta cata-concurso coidará especialmente de que se conserve o anonimato das mostras en todo momento. O seu ditame nos premios será inapelable.





8. Distincións.

O número de mostras que deben participar en cada categoría para que a cata teña lugar é de seis agás na categoría de mel monofloral no que o mínimo de mostras de cada subcategoría será de dous.

As mostras mellor valoradas en cada categoría serán premiadas cun trofeo e un diploma que indique o posto acadado (Distinción de Ouro, Prata ou Bronce). No caso dos meles monoflorais, debe existir número mínimo de dúas mostras, e entregárase únicamente unha Distinción de Ouro.

A entrega dos premios realizarase nun acto convocado e organizado para tal fin, que se dotará da máxima difusión posible.



9. Todos os participantes nesta XXIV Cata dos Meles de Galicia comprométense a acatar as presentes bases.

10. A dirección da Agacal ditará cantas disposicións sexan necesarias de cara ao correcto desenvolvemento desta XXVI Cata dos Meles de Galicia.



www.experienciasdecalidade.gal

